



ACTA

| | |
|------------------------|-------------------------|
| Expediente núm. | Órgano Colexiado |
| PLN/2024/8 | O Pleno |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

31 de outubro de 2024

Duración:

Desde las 12:10 hasta las 13:00

Lugar:

Casa Consistorial

Presidida por:

JOSÉ PARDO LOMBAO

Secretario:

Cristina Castro Fuentes

ASISTENCIA Á SESIÓN

| Núm. de identificación | Nome e Apelidos | Asiste |
|------------------------|-------------------------------|--------|
| 33329791P | Elvira Lombao Vila | SÍ |
| 33331257W | FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ | SÍ |
| 33817919F | JOSÉ PARDO LOMBAO | SÍ |
| 33834799M | Jesús Fernández García | SÍ |
| 34222169D | José Yebra Amorín | NON |
| 33323696P | LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ | SÍ |
| 47373684D | MIGUEL VIEITO VILLAR | SÍ |
| 36071720S | Maria del Carmen Acacio Lopez | SÍ |
| | | |





| | | |
|-----------|--------------------------|-----|
| 33321284B | María Begoña Seco Varela | SÍ |
| 33329706S | María José Martínez Vigo | SÍ |
| 33327776V | Pilar Méndez Lombao | SÍ |
| 33544829L | Tania Díaz Seijas | SÍ |
| 33307083R | Xosé Ferreiro Fernández | NON |

Escusas de asistencia presentadas:

1. José Yebra Amorín:
«motivos personais»
2. Xosé Ferreiro Fernández:
«motivos personais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

| | |
|------------------|--|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|------------------|--|

Resolución:

Os membros do Pleno da Corporación aproban, por unanimidade, a acta da sesión anterior de 26 de setembro de 2024

Expediente 889/2024. Peche e Liquidación do Orzamento

Dase conta la liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2023

MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á APROBACIÓN DO REGULAMENTO PARA AS SESIÓNS DO PLENO MUNICIPAL

| | |
|---------------------|---|
| Desfavorable | Tipo de votación: Ordinaria |
| | A favor: 3, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0 |

Resolución:





Toma a palabra Miguel Vieito Villar concelleiro do BNG e explica a moción, previamente ditaminada na Comisión informativa de Asuntos do Pleno, que se copia:

“MOCIÓN RELATIVA Á REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA NO CONCELLO DE OUTEIRO: DOTACIÓN DUN REGULAMENTO PARA AS SESIÓNS DO PLENO MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación que vive o Concello de Outeiro de Rei con relación ao funcionamento democrático da Institución só empeora día a día e mes a mes.

Non só son manifestas as derivas caciquís da Corporación de Goberno nas súas tarefas executivas habituais, senón tamén no respecto (mellor dito, no desleixo) aos dereitos das persoas concelleiras e á pluralidade democrática do Concello.

En primeiro lugar, é criterio azaroso e completamente arbitrario da Alcaldía que a oposición só pode presentar unha moción por Pleno. Tanto ten que na Orde do día final haxa 7 ou ningún asunto. Por orde e capricho do Señor Alcalde os partidos da oposición só podemos presentar 6 mocions por ano, eliminando por completo a nosa oportunidade, posibilidade e dereito de presentarmos temas estruturais deste Concello cando existen temas de nova aparición que traer.

Este criterio aparece, sorprendentemente, en febreiro deste ano 2024, cando con anterioridade non existía. De súpeto, só podemos presentar unha iniciativa, cando o equipo de Goberno acode a algún Pleno presentando 4, 5, 6... as que for sen limitacións.

Este criterio mesmo ten provocado que, tendo este Grupo presentado dúas mocions en tempo e prazo antes dun Pleno, só ter unha na Orde do día, escollendo a Alcaldía cal, baixo criterios en ningún caso sequera comunicados á oposición.

En segundo, o motivo polo que só se permite levar unha moción por Pleno é ningún en absoluto. O Señor Alcalde ábrese a permitir unha segunda iniciativa se, ao seu xuízo, existe motivo de urxencia para levala. Motivo que, de novo, se examina só sobre a base da súa única e unísona opinión. Isto é, os dereitos da oposición dependen do capricho, a vontade ou o bo/mal humor do Señor Alcalde. Custa imaxinar algo máis aproximado a un pensamento ditatorial.

En terceiro lugar, mudan constantemente os criterios para podermos presentar mesmo esa única moción. Durante meses o requisito foi tela presentado antes do envío da Orde do día do Pleno, para despois mudar a antes da Orde do día da Comisión informativa anterior ao Pleno, debendo tomarse en consideración que esta non é convocada cun criterio homoxéneo: ás veces é con 3 días de antelación, outras con 4, outras con 5...





Así, os partidos da oposición non só non sabemos cantas e cales mocións podemos levar, xa o decide o Señor Alcalde, senón que tampouco temos claro cando temos que as presentar para que poidan entrar no Pleno en cuestión.

En cuarto lugar, non existe ordenación algunha dos debates, escoitando ao Señor Alcalde incluso dicir abertamente que á oposición “se nos permite” falar, como se non for un dos nosos dereitos constitucionais. A oposición fai, polo xeral, intervencións breves, directas e cinguidas á materia, mentres o Señor Alcalde emprega réplicas de 30-40 minutos sen que, nin por azar, se lle escoite falar do Concello de Outeiro de Rei.

En respostas a organismos autonómicos que teñen criticado as súas accións, este Concello ten dito expresamente que “se permite” á oposición presentar mocións “por deferencia” da Alcaldía, ignorando por completo esta Corporación os dereitos constitucionais das e dos concelleirxs da oposición.

Tamén escolle arbitrariamente, cando lle peta, non permitir o uso da palabra ás representantes da oposición mesmo naqueles elementos regulados por Lei; e interrompe cando quere ás concelleiras e concelleiros no uso da palabra.

Isto que vimos a mencionar, e ben máis episodios que poderían colocarse, xustifican que este Grupo do BNG no Concello teña acudido xa en varias ocasións á Valedora do Pobo, máximo comisionado do Parlamento da Galiza para a protección de Dereitos Fundamentais (nomeada co voto a favor do Partido Popular, todo sexa dito de paso). En todas as ocasións as resolucións foron favorábeis ás nosas queixas.

Este Concello non só ten ignorado nun número vergonzante de ocasións os chamados e peticións de colaboración da Valedora, tendo esta Institución que requirir en múltiples ocasións á Corporación para a resposta (meses despois), senón que ignora as suxestións da Institución, e falta ao respecto á mesma desprezando os seus razoamentos; motivos estes polos cales os informes contrarios á acción de goberno son públicos xa na web da Valedora e teñen posto o nome do Concello de Outeiro de Rei, por desgraza, no informe da Valedoría presentado ao Parlamento da Galiza no pasado mes de setembro.

A Valedora do Pobo ten instado xa en múltiples ocasións a este Concello a aprobar un Regulamento que ordene os debates plenarios, e remate coa actitude caciquil da Alcaldía.

A Valedora do Pobo ten instando á Corporación a indicar, de xeito argumentado, motivado e sustentado, os criterios que impiden aos grupos da oposición presentar máis dunha moción por Pleno.

A Valedora do Pobo ten explicitado ao Goberno Local a necesidade de se suxeitar a un comportamento democrático que non só respecte, senón que potencie a pluralidade e a participación, facilitando á oposición presentar as súas iniciativas.





Engádanse a esta moción só dous dos moitos extractos dos informes da Valedoría que acreditan o manifestado. Nunha ocasión:

Cuarto- No que se refire á limitación de mocións por grupo o Concello sinala que a orde do día é decidida polo alcalde. sendo iso razonable, é preciso que as decisións á hora de incluír ou non un asunto no Pleno sexan argumentadas, motivadas e sustentadas nalgún regulamento.

Xa na resolución remitida a ese concello en outubro de 2023 se sinalaba a conveniencia de aprobar un regulamento municipal que permitira regular os elementos de debate e fiscalización a disposición dos concelleiros e concelleiras. de novo ponse de anifesto a conveniencia de contar con dita norma

Noutra mesmo anterior:

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte

ACORDO:

- Instar ao equipo de Goberno a iniciar o proceso para dotar ao Concello de Outeiro de Rei dun instrumento, na forma de Regulamento, que ordene os debates plenarios; confeccionado coa participación de todos os grupos con representación no Concello de Outeiro de Rei e en aras a garantir un funcionamento plenamente democrático do mesmo.

En Outeiro de Rei, a 19 de outubro de 2024”

Rematada a lectura da moción, o Sr. alcalde leva a cabo unha lectura da resposta que lle quere dar ó concelleiro nacionalista Miguel Vieto

Resposta do Sr. alcalde:

“Para contestar e esta moción hai, en primeiro lugar, que ter en conta o que establece o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que di que lle corresponde á Alcaldía convocar e presidir as sesións do Pleno.

E a súa vez, o artigo 82 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986 establece o seguinte:

«1. El orden del día de las sesiones será fijado por el Alcalde o Presidente asistido de la Secretaría.

2. En el orden del día sólo pueden incluirse los asuntos que hayan sido previamente dictaminados, informados o sometidos a consulta de la Comisión informativa que corresponda.





4. En el orden del día de las sesiones ordinarias se incluirá siempre el punto de ruegos y preguntas».

Así pues, será a Alcaldía o órgano competente para a convocatoria das sesións e para fixar a orde do día das mesmas, establecendo os puntos que van ser tratados en cada unha delas, posto que así o determina a lexislación vixente, que lle atribúe esta competencia.

Por elo, a Alcaldía non estará obrigada a incluír en dito orde do día os puntos plantexados pola oposición e sólo os incluír á si o estima conveniente.

E ambos preceptos son concordantes co artigo 47.2 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 1986 que di:

«Salvo en casos de urgencia, no se tratarán máis asuntos que los señalados en el orden del día de cada sesión, que formará el Presidente y se distribuirá a los miembros de la Corporación con antelación mínima de dos días hábiles».

Por tanto, a formación da orde do día é facultade da Alcaldía.

Dentro de dita facultade, a Alcaldía é quen pode e debe priorizar uns asuntos respecto a outros

Segunda. Doutra banda, está o dereito dos concelleiros para exercer o seu cargo, que inclúe a presentación de proposicións.

Así, por exemplo, temos a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castela-A Mancha do 11 de xullo de 2014, que di:

«Entre as atribucións do Pleno atópase a de controlar e fiscalizar os órganos de goberno municipais. Para iso, poden formular proposicións, mocións, rogos e preguntas. O artigo 46.2.e) da LRBRL dispón para o efecto que «Nos plenos ordinarios a parte dedicada ao control dos demais órganos da Corporación deberá presentar sustantividade propia e diferenciadora da parte resolutiva, debéndose garantir de forma efectiva no seu funcionamento e, no seu caso, na súa regulación, a participación de todos os grupos municipais na formulación de rogos, preguntas e mocións».

En exercicio da súa competencia, a Alcaldía pode incluír ou non as propostas, pero para excluílas debe facelo motivadamente. Poden excluirse asuntos propostos en materias alleas á competencia do pleno (...)

A realidade é que neste concello de 5300 habitantes existen tres grupos políticos.

O PP, que goberna, e o BNG e o PSOE, que están na oposición.





A día de hoxe non existe Regulamento Orgánico Municipal regulador porque a xuízo do equipo de goberno, a normativa existente en materia de réxime local é tremendamente ampla e concreta no desenvolvemento das sesións, o cal nos outorga unha cobertura legal precisa para desenvolver correctamente os plenos, xuntas de goberno local, comisións informativas...

E o certo é que alí onde existe aprobado un Regulamento Orgánico Municipal, a súa única función é reproducir literalmente o contido do ROF e unicamente limitar as mocións presentadas pola oposición, os tempos de intervención nas deliberacións, e a cantidade de rogos e preguntas que poden presentar os grupos.

Así, por exemplo o artigo 28 do Regulamento Orgánico municipal de Laracha, con case 12000 habitantes e 17 concelleiros, publicado no BOP da Coruña de 12 de xuño de 2015 di:

Os Grupos Municipais poderán formular, como máximo cada un, tres Mocións, tres Rogos e tres Preguntas.

O Concello de Santiago, con case 100.000 habitantes e 25 concelleiros, plantexa a seguinte limitación no seu Regulamento Orgánico Municipal:

En cada sesión do Pleno cada grupo político poderá presentar, como máximo, dúas proposicións, unha comparecencia, tres rogos, tres preguntas, unha interpelación, catro mocións e unha moción de urxencia. No caso de presentarse a moción de urxencia computarase dentro do número máximo de mocións que corresponde a cada grupo político.

O concello de A Coruña con case 250.000 habitantes e 27 concelleiros di no seu Regulamento Orgánico Municipal:

La Presidencia puede limitar hasta un máximo de tres las Mociones que presente un grupo municipal en un mismo Pleno ordinario.

E, respecto das preguntas di:

Podrán presentarse por cada grupo hasta un máximo de tres preguntas de respuesta oral en cada Pleno Ordinario, que deberán presentarse por escrito en el Registro General del Pleno.

En relación á Deputación Provincial de Lugo, con Regulamento Orgánico Municipal publicado no BOP de Lugo o día 3 de setembro de 2020, cita literalmente:

Artigo 130

As mocións formularanse sempre por escrito e presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación, coa antelación suficiente para que poidan ser incluídas na Orde do Día do Pleno, sen prexuízo do disposto sobre os asuntos de urxencia.

Conterán unha parte expositiva xustificativa desta e unha proposta de resolución.





En canto ao número de mocions a presentar por cada sesión serán dun máximo de dúas por Grupo.

E xa, por rematar, o Concello de Lugo, que di:

En cada sesión do Pleno substanciaranse, como máximo por cada grupo político, dúas proposicións, unha comparecencia, dous rogos e dúas preguntas, excluindo deses límites as mocions de urxencia.

Con todo o exposto anteriormente, e á vista da súa moción, cabe facer as seguintes consideración:

1º.- É público, porque así se lles informou en múltiples ocasións, que este alcalde ten o compromiso de incluír sempre na Orde do Día de todos os plenos ordinarios, aparte de todos os asuntos que procedan, unha (1) moción de cada grupo político. Á vista de todos os datos que se lles acaban de facilitar, parece mais que razoable, pois é obxectivo e é xusto.

Tamén se lle informou en moitísimas ocasións que de presentar varias mocions un grupo, na Orde do Día irá incluída aquela que fora presentada en primer lugar no Rexistro de Entrada. E isto é así, porque non son quen de facer unha análise sobre cál das mocions é mais importante ca outra, sendo o criterio da data de presentación mais obxectivo.

A maiores de que en todos os plenos ordinarios inclúese sempre unha (1) moción de todos os grupos políticos, os grupos teñen a facultade de presentar, rematados os asuntos da Orde do Día, as mocions de urxencia que consideren. NON se lles puxo límite a esto.

E será o Pleno da Corporación quen, analizando si o asunto ten a consideración de urxente ou non, proceda a aprobar ou non a súa urxencia.

A maior abundamento, NON existe límite nos rogos e as preguntas.

E non existe límite nas intervencións dos voceiros. De feito, no grupo do BNG, permíteselle falar ao voceiro e aos outros concelleiros, pois en moitas sesións cada un defende un asunto. Así, o regulamento da Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP de Lugo o 3 de setembro de 2020 regula respecto a isto algo limitado:

A intervención nunha primeira quenda de cada Grupo non excederá no seu conxunto de seis minutos.

Pode observarse que a Deputación de Lugo é moito menos complacente cos dereitos da oposición no desenvolvemento das sesións plenarias que este Concello de Outeiro de Rei

Por outro lado, é imposible non mencionar todas as mentiras que figuran na moción.

Mentiras da moción:





1º.- *mentira: cando di :é criterio azaroso e completamente arbitrario da Alcaldía que a oposición só pode presentar unha moción por Pleno.*

Isto é completamente mentira. Vostedes poden presentar as mocións que queiran, pero na Orde do Día so figurará unha (1).

2º.- *mentira: cando di: “escollendo a alcaldía, baixo criterios en ningún caso sequera comunicados á oposición”.*

Isto tamén é completamente mentira. Ou son xordos ou mentirosos, pois en múltiples ocasións informeilles cál é o criterio a seguir de ser varias as mocións presentadas.

3º.- *mentira: cando di: “O alcalde ábrese a permitir unha segunda iniciativa se, ao seu xuízo, existe motivo de urxencia para levala”*

Isto é tamén completamente mentira. Eu sigo a lei, e logo de rematar os puntos da Orde do Día, pregunto aos grupos se teñen alguna moción urxente que presentar. E logo de expor a urxencia da mocións, ésta se vota polo Pleno.

4º.- *mentira: cando di “ mudan constantemente os criterios para podermos presentar esa única moción”.*

Isto é outra burda mentira. O criterio é claro. Unha moción por grupo na Orde do Día, De non presentala antes da comisión informativa, estanas incluído neste órgano por vía de urxencia e así chegan ao Pleno ditaminadas.

5º.- *mentira “ non existe ordenación alguna dos debates”*

Outra mentira mais. Pode ver calquera pleno dos que están na web publicados se non os lembra e verá que se desenvolven perfectamente ordenados. Diferente é que non lle guste.

Nada que argumentar sobre o tempo que emprega esta alcaldía en defender os asuntos pois a oposición, a diferenza de noutros organismos como a Deputación de Lugo, aquí non ten límite tampouco de tempo nas intervencións. Polo que non vai ser a oposición que teña tempo ilimitado para falar pero a Alcaldía limitarse.

Xa por suposto nada que argumentar sobre de qué fala esta alcaldía, pois xa sería o colmo que me dixeran de qué teño que falar e de que non.

Fala por ultimo a moción de que acuden a Valedora do Pobo.

É certo, e tamén acuden á Fiscalía, e ao Xulgado de contencioso- administrativo.

Todo con tal de ser protagonistas. Pero ningún lles deu a razón a día de hoxe.





De feito hai unha condena en costas ó seu grupo e aínda non fixeron o ingreso

Únicamente a Valedora do Pobo atendeulles e fixo a este concello unha recomendación de aprobar un Regulamento Orgánico Municipal, que entenderán que coa maioría absoluta que ten este grupo, a súa aprobación suporía que o desenvolvemento do pleno sería idéntico a como é agora.

É imprescindible que entendan que on existe unha soa norma legal que esixa a aprobación dun regulamento orgánico municipal para que funcione un Pleno.

Á vista de todo o exposto é claro que a maioría das corporacións locais regulan o número de mocions máximas a presentar polos grupos municipais. Ningunha Corporación mínimante seria permite que se presenten mocions ata o infinito, pois podería converter nun verdadeiro pesadelo o desenvolvemento dos Plenos e tampouco se pode estar cambiando de criterio continuamente permitindo nun pleno tres mocions á oposición porque hai poucos asuntos e noutro unha moción a oposición porque hai moitos asuntos. O mais adecuado e así o fan en practicamente todos os entes locais, é establecer un número máximo de mocions, con independencia das mocions de urxencia, os rogos e as preguntas”.

Intervén a concelleira socialista Carmen Acacio e di que ela debería ter falado antes de que o alcalde respostase e informa que xa en abril presentou un par de mocions e unha era precisamente sobre a aprobación do ROM. Di tamén a concelleira que cambiouse o criterio por parte da alcaldía, sen aviso, pois antes eran duas mocions.

O Sr. Alcalde lle contesta que unha moción se lle incluírá na Orde do día e a outra a poden presentar por urxencia, de ser o caso.

O concelleiro nacionalista Miguel Vieito di que todos os concellos que mencionou na súa resposta sí teñen regulamento en vigor e que debe, polo tanto, copiarlles.

Di que non se cumpren as normas nas convocatorias dos órganos colexiados. O Sr. alcalde lle responde que por suposto que se cumpren, e ademais, os pleno de Outeiro de Rei son públicos e así poden velos todos os veciños.

Sométese a votación a moción resultando rexeitada por 3 votos a favor (2 BNG e 1 PSOE) e 8 en contra (PP).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL E CONDENA DO ASASINATO HOMÓFOBO DE SAMUEL LUIZ

Ó tratarse dunha moción institucional da lectura á Secretaria municipal da Corporación, logo do acordo dos 3 grupos municipais na súa aprobación, por unanimidade:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL E CONDENA DO ASASINATO HOMÓFOBO DE SAMUEL LUIZ





O 4 de xullo de 2021, Samuel Luiz, un mozo de 24 anos, foi asasinado na Coruña tras unha brutal agresión homófoba. Este asasinato, que conmocionou á toda a sociedade, puxo de manifesto, unha vez máis, a persistente e violenta LGTBIfobia que segue presente no noso país. A resposta social foi inmediata, con manifestacións en toda España pedindo “Xustiza para Samuel” e condenando a violencia homófoba. Estas accións demostraron que a sociedade reclama políticas máis contundentes para protexer os dereitos do colectivo LGTBI e garantir unha convivencia libre de odio e discriminación.

Con todo, este crime non é un feito illado. Os delitos de odio, e en particular os relacionados coa orientación sexual e a identidade de xénero, experimentaron un preocupante aumento nos últimos anos. Segundo os datos do Ministerio do Interior, estes duplicáronse en Galicia nos últimos cinco anos, amosando unha tendencia preocupante que require unha resposta firme e coordinada por parte das institucións. O xuízo polo asasinato de Samuel Luiz representa un momento clave non só para facer xustiza, senón tamén para reafirmar o compromiso das administracións na loita contra a LGTBIfobia. As políticas públicas deben centrarse en previr estes delitos, protexer ás vítimas e fomentar unha cultura de respecto pola diversidade. A violencia e a LGTBIfobia non poden ter cabida nunha sociedade que aspira á igualdade e á convivencia pacífica. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei aproba esta Declaración Institucional e acorda:

1. Condenar a agresión homófoba que causou o asasinato de Samuel Luiz e expresar o rexeitamento máis firme desta Coporación ante calquera forma de violencia e odio motivada pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
2. Trasladar o apoio e a solidariedade á familia e amigos de Samuel Luiz, así como o seu compromiso coa xustiza.
3. Instar ás administracións públicas competentes a intensificar as accións dirixidas a erradicar a LGTBIfobia e calquera forma de discriminación e odio, mediante políticas educativas, campañas de sensibilización e o apoio ás vítimas.
4. Condenar todas as condutas que atenten contra a dignidade e os dereitos do colectivo LGTBI e manifestar o compromiso deste Concello coa construción dunha sociedade inclusiva, diversa e libre de odio.

MOCIÓNS DE URXENCIA

Intervén o concelleiro nacionalista Miguel Vieito Villar e di que o seu grupo ten unha moción de urxencia relativa á defensa da lingua galega, presentada no rexistro do concello o día 19 de outubro de 2024.

Defende o concelleiro nacionalista a urxencia pola situación da lingua.

Da os seguintes datos:





correspondente e mesmo a urxencias, recomendados por eses mesmos doutores, dada a carga de traballo que xa teñen que soportar habitualmente. Alí, en urxencias, teñen que dar mil explicacións para que os atendan.

Os pais e nais atópanse neste momento nunha situación de rabia e impotencia ante o que non saben como dar solución se non é a través de protestas, unha situación coa que o Grupo Socialista de Outeiro de Rei mostramos a nosa solidariedade e apoio, xa que en tódalas familias temos nenos e nenas afectados por este enorme problema.

Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei Opinamos que este é un paso máis no intento de privatización da sanidade pública en Galicia, e un paso máis para que o mundo rural perda habitantes: Se non hai crianzas no rural, non hai futuro para el.

Non entendemos como este goberno municipal presume de facer todo polos rapaces e non se ve pola súa parte nin un só movemento de apoio ou de intento de solución desta preocupante situación polo que, como oposición, ademais de mostrar a nosa preocupación e ofrecer a nosa colaboración no que estea dentro das nosas posibilidades, queremos presentar ao Goberno do Concello de Outeiro de Rei o seguinte ROGO:

- Que medie ante o Sergas para tratar de atopar unha solución inmediata ao problema xerado pola ausencia de pediatra no noso Centro de Saúde.

2º.- Rogo, referido aos cortes de auga.

A secretaria da lectura ao rogo presentado pola concelleira socialista Carmen Acacio.

O pasado 10 de outubro, as veciñas e veciños de Outeiro de Rei sufriron, durante varias horas, un novo corte de auga. Trátase, canto menos, do cuarto corte de auga neste último ano.

Ao igual que acontecera en todos os casos anteriores, diante dun corte de auga a veciñanza de Outeiro de Rei non ten ningunha canle oficial, dispoñíbel a accesíbel para se informar da existencia dunha avaría/rotura que altere o caudal, da duración prevista da mesma, da volta ao funcionamento do subministro normal ou das parroquias afectadas.

Se o corte sucede fóra de horario de oficina, ou na fin de semana, nin sequera é viábel chamar ao Concello para se informar das circunstancias do corte.

Tampouco hai forma de coñecer, de antemán, cando haberá cortes programados por tarefas de mantemento, mellora ou reparación.

Traemos a este pleno a mesma petición que xa trouxéramos, vía pregunta, ao pleno do mes de febreiro do ano 2024, sendo que nestes máis de oito meses, ningunha medida en tal sentido se tomou ao respecto: que dende o Concello se empreguen os medios e mecanismos





que xa existen para informar á cidadanía dos cortes, a duración aproximada dos mesmos e a súa reparación; vía notificación móbil, por SMS; ou no apartado “Avisos” da páxina web municipal.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese consideración polo Pleno deste concello este ROGO, proponendo a adopción do seguinte

ACORDO:

- Instar ao equipo de Goberno a que se realicen avisos, vía espazo web do Concello e/ou vía teléfono móbil (para a cidadanía subscrita ao sistema de alertas), dos cortes de auga, avarías e imprevistos que afecten ao subministro; informando da natureza do acontecemento que altera o caudal, a duración prevista de reparación e a solución da mesma.

O Sr. alcalde lle di á concelleira que sempre se lles intenta avisar, pero cando son averías, é complicado.

PREGUNTAS

1º.- Pregunta da concelleira socialista Carmen Acacio referida ao saneamento

En relación á rede de saneamento existente en Outeiro de Rei, presentamos a seguinte PREGUNTA: Que previsión teñen de estender dita rede a outros núcleos que o precisan?

Contesta o Sr. alcalde que a idea é chegar a todos os núcleos en función tamén das posibles aportacións doutras administracións.

2º.- Pregunta da concelleira socialista Carmen Acacio relativa á concentración parcelaria

Dado que se están levando a cabo accións de reestruturación parcelaria en Arcos, Sobrada, Paz, San Lourenzo, Taboi e Cela, presentamos as seguintes PREGUNTAS:

- Cal é a data de previsión para o remate da concentración parcelaria? Pensan que será antes das seguintes eleccións? 2- Cal é a previsión do concello para regularizar os núcleos rurais?

Contesta o Sr. alcalde que en Paz, San Lourenzo e Arcos xa se está traballando.


Que en Taboi aínda non se iniciou e que en Cela non está prevista.

3º.- Pregunta “in voce” da concelleira nacionalista Elvira Lombao

Pregunta que cómo está o trámite da posta en marcha do CIN, dado que en sesión de febreiro aprobouse por unanimidade que se ía por en funcionamento.

Contesta o Sr. alcalde que se intentará por en marcha unha vez se dispoña dos locais.

A concelleira socialista Carmen Acacio lémbrale ao Sr. Alcalde que ten sen repostar a pregunta do pleno anterior dos datos dos empresarios.





Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

